



## ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 2.

### Guerra Civil e *A Estadea*.

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_MPGF\_0001\_003\_en\_0\_08\_28\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_MPGF\_0001\_003\_en\_0\_08\_28.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro etnográfico  
**FEITO REXISTRADO:** Entrevista

### RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (2/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

### DATOS DA ENTREVISTA:

**ENTREVISTADOR:** Justo Beramendi González

**INFORMANTE:**

**Nome:** Xaquín Lorenzo Fernández

**Idade no momento da recolla:** 73 anos

**Lugar e data de nacemento:** Ourense, 23 de xuño de 1907

**Ocupación:** Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.

**DATA DA RECOLLA:** 1 de xullo de 1980

**LOCALIZACIÓN:**

**Lugar:** Ourense

**Parroquia:** -

**Concello:** Ourense

**Provincia:** Ourense

**COLECCIÓN:** Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



## DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal. Neste fragmento tamén se cotexou a transcripción de Xesús Alonso Montero *A Estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos Galegos*.

## BIBLIOGRAFÍA:

*Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández* / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

*A estadea ou pranto polo Seminario de Estudos Galegos*. Ed. de X. Alonso Montero. Santiago: Museo do Pobo Galego, 1998.

## PALABRAS CHAVE:

Guerra Civil , represión , Ramón Otero Pedrayo , Seminario de Estudos Galegos.

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez



## TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

**Xaquín Lorenzo:** Precisamente hoxe mandáronme unha fotocopia dunha carta, claro, que coñece pouca xente. Cando eu fun ao fronte, eu fun daqueles voluntarios forzosos que tivemos que ir alí a andar a linternazos, tiven a inmensa fortuna de que aos doce días de saír da casa pegáronme un tiro e pra min acabouse a guerra con aquilo. Quedoume inútil o brazo este, o ombreiro quedoume inutilizado, pero estou moi contento diso, porque eu, na guerra, vin as atrocidades que se ven en tódalas guerras, pero vin a loita por salvar xente, non por matar xente.

Eu pasei a guerra nos hospitales. De primeiras feríronme alá en Villablino, leváronme ao hospital de León e do hospital de León mandáronme ao de Ourense. O director do hospital de Ourense era moi amigo de Florentino Cuevillas e a muller de Florentino, que era un anxo, en canto se enterou de que eu viña foi inmediatamente ao hospital, falou co director e o director dixo:

“- Bueno, pois que non veña pra aquí, que se vaia prá casa e dámolo como presente no hospital. Como non ten ferida aberta, pois...”

E aquí, nesta habitación, montoume miña nai a cama e tódalas tardes, indefectiblemente tódalas tardes, viñan onda min e estaban aquí charlando comigo Cuevillas, Peña Rey, Otero e Risco. Non faltaban ningún día.

Pero o día que cheguei do hospital de León a eiquí, á media hora de chegar, recibín, mandoume... Otero, que vivía en fronte da miña casa, mandoume pola muchacha que tiña, pola sirvienta que tiña, unha carta, que foi esa que dei pra o Museo, ou pra o Arquivo, e da que hoxe habíalle pedido, pero non me gusta a fotocopia esta que me fixeron eu quería polos dous lados, a carta é esta.

**Justo Beramendi:** Parece a letra de Risco, non?

**X. L.:** Non, é de Otero. Esa é a que era de Risco é que non sei onde a teño home. Unha fotocopia dunha carta que me escribiu Risco, que era unha carta de cousas; ao Risco ocurríanselle de vez en cando estas cousas: catro cuadros con catro debuxos, e non sei onde a teño, pero ten a letra distinta. Pero xa digo, está aí no Museo. Esta é a de Otero e voulla ler porque vale a pena. Esta carta algún amigo meu indignouse cuando lla lin, e indignouse porque decía:

“- Non hai dereito a facer eso que fai Otero, unha cousa tan ben feita non se pode facer de broma.”

Indignábase por eso. A carta titúlase “A Estadea”, e dice así:

Longa tebra de brétemas chorasas  
riba do maino devecer dos sotos,  
randear de muchas follas, dubidosas,  
i o salaiar do vento nos petoutos,

canto saudoso e verde dos arumes,  
decrebamento vago das paisaxes,  
historias que á serán contan os fumes  
de lobicáns, espeitros e romaxes.

Non está ben a fotocopia, está máis claro o orixinal.

Algo fuxe levían coma un salaio,  
algo pasa no vento silandeiro...  
hoxe voa na testa do Domaio,  
pousa mañán nos adros do Ribeiro,

trema na paz de pedra da Quintana,  
peta nos craros vidros da Marina,  
cas ondas galga por a Buserana,  
do Pico Sagro ronda a testa fina.

Un pasar que rexistran as fontelas  
i empavorez o arrieiro nos camiños,  
cabalga nos remoíños das procelas  
e coma os elfos danza sobre os liños.

E que aquí fala tamén do Risco.

Percibiuno o señor dos Pazos Ermos,  
gran fidalgo da noite aluarada,  
espreitador cotián dos vagos termos  
onde deita a fontela da luzada.

Afeito a latricar cas fantasías  
non lle deu grimo aquil romor baixiño.  
E aixiña o coñeceu. Das nordesías  
non era un enganoso remoíño!

Viña a nova estadea con vago pranto  
por o xardín rosmando latinorios,  
ecos lonxanos de barudo canto  
i o saloucar dos vellos responsorios.

Trasparentes pantasma na neboeira  
os feitizos do luar axigantaban,  
páledos esqueletos en ringreira  
nouturnos de difuntos salmeaban.

Tollía o curazón o chás-chás de ósos,  
arripiaba o locir dos vagalumes,



viñan os mortos febres, bagullosos,  
en coral medoñenta de queixumes,

e os rexos entusiasmos que na Vida  
diu a seus ollos lumes brincadeiras  
como na cinza as faíscas esquencidas  
fosforescía nos ocos das caveiras.

Cal o vento no celta carballal  
Os “ego ipse” do responso “Credo”.  
Misturábanse co himno de Pondal  
i astra o eiscéitico moucho tiña medo.

Como lámpada fiel do tempo Prisco,  
testemuña baril da idade oután,  
fosforescía na man do ilustre Risco  
o fémur xigantesco de Breogán.

Aínda encobría un pelexo de erudito  
palimpsesto, engurrado pergameo,  
a noz de rube e baixa a prol dun fito  
i o espavento da friaxe do Letheo.

Risco tiña a noz moi saínte e movíaselle moito.

Non fumegaba a noca cavernosa  
por a xiada neboeira acatarrada,  
saudades de “camilla” ben xeitosa  
atrecíanlle a res escanastrada.

Tolle o reuma as canelas de Cuevillas,  
leva na man campaniforme vaso,  
arqueólogo de moitas campanillas  
atura con pacencia o triste acaso,

pois furan os difuntos con man certa  
o misterio das covas, e un silvano  
castro tenlle gardada a descuberta  
do esqueleto, cecais, de Prisciliano.

As tibias de Filgueira longos zancos  
levan no andar aquel ritmo trocaico  
que en vida por terras de Nemancos  
o fixo preste de un épodo arcaico.



Nas costelas arcadas e románicas  
raña cun peroné vellas tonadas:  
son baladas de brétomas oceánicas  
e vagos cantos das sotiles fadas.

E iste danzal difunto vagaroso  
que anda a fitar os faros estelares,  
o xesto sempre vago e señoardoso,  
loiro tupé no cranio ceibe aos aires

¿É un wagneriano heroi da Silvaescura  
ou errante e sonoro Parsifal  
que anda á noite, cos mortos, á procura  
do misterioso calis do San Graal?

Uns dirán: foi bo pretor da Estrada;  
e os máis: vaille millor ca Lei  
ditada aos poetas por a noite arpada  
ao bon chantre d'Arousa Bouza Brey.

E outros máis, toda xente veterana.  
Un crego, Carro, de falar medievo  
moi ben relacionado na Quintana  
e nos adrales de historial medievo,

Lois Iglesias matina bolboretas  
nos fuxidíos xogos do luar  
e lepidopterizando

Esto é difícilísimo.

e lepidopterizando nas caretas  
soio atopa dos vermes o brilar.

Parga, renovo bon de Bergantiños,  
mira nas micas o brilar sereo  
xunguido aos feldespatos cristaiños  
como outrora de Xea no himeneo.

E agora métese conmigo.

Xocas escuita do crarín guerreiro  
a chamada baril e vai ao frente;  
aló nun castro esbróanlle un ombreiro  
i é o soio vivo qu'hai en tanta xente,

pois forma baixo o sol cos mutilados  
e desfila con aire miliciano  
e por a noite seguindo outros fados  
discute o carro envolto no sudario.

(Risas)

**J. B.:** Non sabía que tivera esa facilidade versificadora

**X. L.:** Extraordinaria.

Fuma Otero Pedrayo seu charuto  
lus funeraria, fume vesperal  
que envolve en néboas o esqueleto hirsuto  
saíndo por o buraco occipital.

Vilarelle executa no organistrum  
o Dies irae fadal do Seminario  
na románica moda dos magistrum,  
no santiagués estilo milenario:

Eruditio luctuosa  
in hac nocte tenebrosa  
sola planget lacrymosa  
noctibus imus vagantes  
in tenebris clamitantes  
simus umbrae peragrantes.

Ut pro nobis est futurus  
esse semper erraturus  
sine spe quiesciturus.  
De Corpus Petroglyforum  
parescentes infernorum  
manet clamor difuntorum

A Fonseca pulsi sumus  
hodie simus quasi fumus  
super callaicorum humus.  
Concilium celebraremus  
in dolmenicum eremus  
ossa nostrae sonaremus!

É moi difícil de ler nesta fotocopia.

E alá vai a estadea solermiña  
enchendo de rumor o vago outono



coma o pingar da area miudiña  
no reloxo esquencido do abandono.

E logo ilustrada por gravados feitos por il.

**J. B.:** Que idade tiña vostede cando a guerra?

**X. L.:** Eu nacín no 7, de maneira que son... 29.

**J. B.:** Claro 29, si.

**X. L.:** 29.